

ANEXO III

DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR COA SOLICITUDE

Para cada solicitude deberá acompañar a seguinte documentación a presentar en orixinal ou copia cotexada.

1	Instancia de solicitude asinada e debidamente cuberta, segundo modelo establecido no Anexo II.
2.	Sociedades constituídas:
2.1	CIF
2.2	DNI do asinante da solicitude
2.3	Escritura de constitución e dos estatutos debidamente inscritos no Rexistro competente e modificacións posteriores dos devanditos.
2.4	Poder do representante que presenta a solicitude, inscrito, se é o caso, no Rexistro competente.
2.5	Imposto de sociedades dos tres últimos exercicios, dilixenciado na Axencia Tributaria.
2.6	Último recibo pagado polo imposto de actividades económicas. No caso de empresas de nova creación, deberán xuntar a alta no IAE ou declaración responsable que inclúa o compromiso de darse de alta no IAE indicando o epígrafe correspondente, así como de remitir o documento de alta antes de enviar ó Igape a solicitude de cobro ou ben acompañando a esta. Segundo o modelo 1 que figura neste Anexo III.
3	Declaración expresa doutras axudas solicitadas para o devandito proxecto. Segundo o modelo 2 establecido neste Anexo III.
4	Certificado de cumprimento coas obrigas fiscais.
5	Certificado de cumprimento coa Seguridade Social.
6	Certificado de non ter contraída débeda ningunha, por ningún concepto, coa Xunta de Galicia
7	No caso de sociedades en constitución:
7.1	DNI do promotor/es.
7.2	Certificado do Rexistro Xeral de Sociedades Mercantís da Dirección Xeral dos Rexistros e do Notariado do Ministerio de Xustiza, ou do rexistro competente, de non figurar inscrita a futura denominación social da entidade que se vai constituír.
7.3	Proxecto de estatutos da sociedade
8	Acreditación de emprego:
8.1	Fotocopia dos TC1 e TC2 dos tres meses anteriores á data de presentación da solicitude de axuda de todos os centros de traballo da empresa en Galicia.
8.2	Certificado da Tesourería Xeral da Seguridade Social de afiliados adscritos ás contas de cotización da empresa por tipos de contrato, e de todos os centros de traballo da empresa, á data de solicitude da axuda.
9	Memoria descritiva do investimento proxectado segundo o modelo normalizado establecido polo Igape.
10	Planos
11	No caso de investimentos en establecementos que tiveran pechado ou con posibilidade de peche:
11.1	Contas anuais dos dous exercicios inmediatamente anteriores, da sociedade transmisora.
11.2	Informe de taxación dos investimentos que se van adquirir
12	Declaración ou borradores negociados de pólizas das operacións financeiras destinadas a financiar o proxecto investidor, incluíndo cadro de amortizacións.

ESCRITO RAZOADO QUE XUSTIFIQUE A NON ACHEGA DE DOCUMENTACIÓN E ACREDITACIÓN DA SÚA SOLICITUDE